



# XORNADA

## Faite Profesional do Ámbito Sociosanitario

**Julio García Comesaña** (Vigo, 1968)

**Formación:** Físico

### **- Que representan o fogar dixital e a consulta non presencial na atención médica?**

-Representan un avance na atención non presencial tras o paso dado hai dous anos coa consulta telefónica en atención primaria, ou este mesmo ano co programa Conecta 72 (de seguimento por parte da enfermería de atención primaria tras a alta hospitalaria), e inciden por tanto en facilitarlle ao paciente a atención cando a súa presenza no centro sanitario non achega valor engadido, facilitando así a conciliación dos procesos médicos co resto de tarefas da vida dos cidadáns.

Con Fogar dixital poderemos enviarlles datos aos sanitarios, e estes seguirmos do mesmo xeito que farían se acudimos á consulta ou ao hospital, pero sen necesidade de facelo, e sempre mantendo os niveis de seguridade e calidade actuais, e naqueles procesos onde a experiencia diga que ten sentido facelo e se pode facer. Así mesmo, os cidadáns terán una canle de comunicación cos seus profesionais para consultas electrónicas e tamén para consultar a súa Historia Clínica Electrónica.

No caso da consulta non presencial na atención médica, esta ferramenta, que nós denominamos e-interconsulta, supón una canle de comunicación entre o profesional de atención primaria e o profesional de atención hospitalaria, de xeito que o primeiro ve incrementada a súa capacidade de resolución dende o centro de saúde, aumentando máis se cabe o valor da atención primaria, e facéndoo en moitos dos casos sen que o paciente teña que desprazarse ao Hospital. É unha ferramenta que mellora a relación primaria hospitalaria e mellora a interacción do paciente co sistema sanitario, pois se incrementa o grao de resolución do primeiro nivel.

### **- De que ferramentas dispoñen os profesionais da saúde para a súa dixitalización?**

-Nestes momentos podemos dicir que case o 100% da actividade dos profesionais do Sergas se pode desenvolver en formato dixital: os informes, as anotacións, as prescricións, as imaxes médicas, os rexistros, os biomarcadores e un longo etc se integran na Historia Clínica Electrónica do Sergas, coñecida co nome de IANUS, que é ademais a mesma, e única, para atención primaria e para atención hospitalaria.



# XORNADA

## Faite Profesional do Ámbito Sociosanitario

### **- Que oportunidades de futuro representa a dixitalización neste eido?**

-No caso do Sergas as oportunidades de futuro, máis que na dixitalización propiamente dita, que é xa un feito, están no uso da información dixital: a accesibilidade dos datos (en sentido de entrada e saída, que é o que representa Fogar dixital ), o seu procesamento, a súa seguridade, a extracción de información, o seu uso en mobilidade, o seu uso en novas contornas, a realidade aumentada, as redes sociais no ámbito da sanidade, a potenciación do papel do paciente e o seu cuidador, etc.

### **- Que recomendacións darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta profesión desde a dixitalización?**

-Que se forme minimamente no ámbito sanitario en xeral e en particular nos sistemas de información específicos deste eido (é preciso contextualizar e adaptarse aos fluxos, procedementos, criterios e, en xeral, as particularidades do ámbito sanitario) e que se acomode ao traballo en equipo, dende múltiples perspectivas, e sempre disposto a achegar valor, valor que será moi ben recibido por outra parte.